



NOTA DE PRENSA  
6 de xuño  
de 2019  
A Coruña

# Posición da Rede ante a sesión investidura do 15 de xuño de 2019

*Documento aprobado pola Rede da Marea Atlántica o 6  
de xuño de 2019, en sesión celebrada no Centro Cívico de  
Monte Alto*

Os resultados electorais do pasado 26 de maio abren un **novo tempo político** na cidade. Unha nova etapa para a Marea Atlántica, que debe darse un tempo para a reflexión e o debate aberto, sen medo nin imposicións, e unha nova fase no Concello da Coruña, onde **teremos un papel decisivo, á altura da confianza outorgada** por parte do 20,2% do electorado e da **pegada imborrable do alcalde Xulio Ferreiro, un referente** para o futuro.

Os primeiros compases deste novo tempo político, como aprendemos hai catro anos, **van ser determinantes na configuración do clima e o marco de relacións** no ámbito institucional. Por iso, en contraste coa chantaxe que padecemos en 2015, cando se nos esixiu que o voto na sesión de investidura fose secreto e en urna baixo a ameaza de darlle a Alcaldía ao Partido Popular se non se garantía antes, publicamente e sen condicións a presidencia do PSOE na Deputación, queremos dar unha mostra de honestidade, transparencia e fondas conviccións democráticas: **os nosos votos, o vindeiro 15 de xuño, favorecerán a investidura da candidata do PSOE e non serán nin secretos nin unha arma arreboladiza.**

O voto da cidadanía nunca é un cheque en branco. O dos nosos concelleiros e as nosas concelleiras, **tampouco**. Toda a nosa atención estará posta nos compromisos que o PSOE da Coruña sexa capaz de asumir nestes primeiros días. Compromisos, ou omisións, no seu caso, que sen dúbida marcarán un **contexto de gobernabilidade xa de por si complexo**. Na nova Corporación, que pasa de catro a cinco grupos municipais, ningunha forza goza do peso co que contaba a Marea Atlántica na anterior. Nin sequera a primeira en número de votos, o PP, iguala o número de escanos dos que dispoñía o anterior goberno municipal.

**Mirar cara adiante, con ambición transformadora e sen retroceder nas conquistas sociais** debera ser unha palabra de orde común a todas as forzas políticas que se queren progresistas neste novo tempo. Para a Marea Atlántica, dende logo, este será o horizonte, con lealdade aos

---

principios dun proxecto político de maiorías e para maiorías, comprometido coa xustiza social, a igualdade de xénero e a loita contra o cambio climático, como ferramenta ao servizo dun modelo de cidade de dereitos, xusta, sostible e innovadora.

### ***Transparencia, cooperación e respecto pola pluralidade***

A chegada da Marea Atlántica ao goberno municipal supuxo un punto de inflexión no que respecta á transparencia, o respecto pola pluralidade e a democratización do Concello da Coruña. O acordo de organización asinado o 20 de xullo de 2015 por todos os grupos municipais, logo dunha negociación inzada de obstáculos e tras superar o bloqueo imposto polos representantes do PSOE e o PP, recollía en boa medida este novo espírito, dándolle a todas as forzas políticas capacidades inéditas. Confiamos en que as regras de xogo para os próximos catro anos non supoñan un paso atrás nesta materia, e así o esixiremos, conscientes do noso peso na Corporación e do que iso significa.

### ***Igualdade e radicalidade democrática***

Hai catro anos saldamos a débeda que o Concello da Coruña arrastraba coa restauración da memoria histórica e co principio de laicidade das institucións. Ademais, coa creación das concellarías de Igualdade e Diversidade e Participación e Innovación Democrática, colocamos a cidade á altura de dous grandes desafíos do noso tempo: a revolución das mulleres, o vento imparabile do 8 de marzo, e a demanda cidadá dun papel protagonista na gobernanza de sociedades e cidades cada vez máis complexas. Os orzamentos participativos e a ordenanza de igualdade, entre outras políticas, deberan ser un punto de non retorno.

### ***Contra o clientelismo e a corrupción***

O rigor, a transparencia e a introdución de cláusulas sociais na contratación pública, dunha banda, e a promoción da concorrência competitiva e aberta nas subvencións, da outra, marcaron tamén durante o mandato da Marea Atlántica un cambio de época na administración do que é de todos e de todas. Tratábase de deixar atrás as prácticas clientelares que caracterizaran algúns períodos e de erradicar as zonas de sombra nas que, no pasado, asentaron os principais casos de corrupción. Queda moito por facer aínda neste ámbito, e facelo é incompatible con desandar o camiño andado.

### ***Tolerancia cero coa especulación urbanística***

A ruptura co pasado e a vontade de mirar cara a diante teñen que manifestarse máis alá dos xestos e os rituais institucionais. Boa parte da nosa política urbanística durante o mandato que agora remata tivo que dedicarse a poñer orde nunha pesadísima herdanza de irregularidades que

---

a piques estiveron de levar o Concello á bancarrota. Ademais de garantir que estas vellas prácticas non volverán a María Pita, nin a través dos seus responsables directos nin por outras vías, é preciso abrir unha investigación que aclare e depure responsabilidades en casos como os do Conde de Fenosa, a Agra de Santo Amaro ou Someso, entre moitos outros. A Marea Atlántica, novamente, pode ser decisiva neste ámbito.

### ***Recuperación do bordo litoral***

Entre os grandes desafíos que afronta a cidade destaca especialmente a recuperación do bordo litoral, ao que destinamos tamén moitas enerxías durante os últimos catro anos da man da sociedade civil. Tras a celebración do Foro Tecendo Litoral e o concurso público de ideas, toca agora abordar con valentía e sen hipotecas a revisión dos convenios urbanísticos asinados polo PSOE e o PP en 2004 para sentar unhas novas bases fundamentadas na titularidade pública dos terreos e a xestión tamén pública da súa transformación, priorizando o espazo público, as zonas verdes, os equipamentos públicos, as actividades produtivas innovadoras e a mellora da mobilidade fronte ás tentacións especulativas. A Marea Atlántica volverá ter un papel determinante neste debate, e deberá estar presente en calquera ámbito de decisión ou representación que teña algo que dicir sobre esta materia.

### ***Liderado no benestar de proximidade***

No mandato que agora despedimos, con 105 euros por habitante e ano, A Coruña converteuse na cidade galega co maior gasto social. É imprescindible manter este liderado durante os próximos catro anos, incrementando os recursos cando menos un 20% ao longo do mandato e sen dar ningún paso atrás. Especialmente urxente é a ampliación de dereitos e servizos, que

debería comezar pola gratuidade das escolas infantís municipais e a eliminación do copagamento nos servizos de axuda á dependencia.

### ***Constitución da Área Metropolitana da Coruña***

Co liderado de Xulio Ferreiro como alcalde, A Coruña mellorou substancialmente a relación co resto dos concellos da nosa área funcional, sentando os consensos e o clima necesarios para abordar agora a constitución dunha área metropolitana plena, con competencias e recursos suficientes para liderar unha gran cidade de medio millón de habitantes para o século XXI. É preciso comprometerse a referendar esta aposta no pleno nos primeiros compases do mandato e a enviar unha proposta de proxecto de lei ao Parlamento de Galicia, previa negociación nos órganos correspondentes, antes de que remate o ano.

---

### ***Loita contra o cambio climático e pola mobilidade sostible***

O importantísimo avance en materia de mobilidade sostible, mediante a ampliación da infraestrutura ciclable e a promoción do transporte público grazas á baixada das tarifas e a introdución da gratuidade para menores de 13 anos, debe ter continuidade no próximo mandato. Débense abordar de inmediato medidas como a reorganización do mapa de rutas do servizo de autobús urbano e a implementación de novas tarifas reducidas. E tamén resulta clave continuar co traballo feito en materia ambiental co desenvolvemento do Plan de Infraestrutura Verde, a execución da sempre demorada rexeneración da Ría do Burgo e a asunción de novos retos como a posta en marcha dun operador enerxético 100% público.

### ***Continuidade dos proxectos estratéxicos***

Tras catro anos de traballo, o Concello da Coruña está en disposición de acometer importantes proxectos en materia de equipamentos e infraestruturas de comunicación como os da estación intermodal, a Cidade das TIC na Fábrica de Armas, a humanización da Avenida da Vedra, a demolición do viaduto da Rolda de Nelle, a apertura das Naves do Metrosidero ou a reforma dos mercados de Durmideiras, Monte Alto e Santa Lucía. Proxectos que non poden ser paralizados nin ser obxecto de modificacións alleas ao interese xeral da cidade, como tampouco se debe entorpecer a execución dos máis de 25 millóns de fondos europeos logrados pola Marea Atlántica con distintos proxectos.

---